

## QUEN ESTÁ NO BNG? QUE É O BNG?

Rematada a asemblea falemos.

Hoxe ao chegar ao posto de traballo alguén me fixo unha serie de preguntas encadeadas do tipo: e isto de onte que significa? É bo ou malo? Ti que cres?

Fiquei perplexo, sen resposta moderna (quero dicir algo, tipo consigna, que non soborde o medio minuto) e pregunteille se tiña unha semana para pórse nas miñas mans. Dixo que non pero eu voltei para casa co convencemento de que, coma el, hai moita máis xente no país que quere saber que é todo isto e o que significa. Xa sei que hai moita outra que non soubo nin da asemblea.

Toda facción política é unha abstracción polo que toda definición que se faga dun partido é subxectiva en maior ou menor grao e, o que é peor, pode ser tombada por calquera militante que non se encontre recoñecido no que do seu partido se di. Aínda así xeneralicemos e fagámolo botando man, por veces, dun certo sentido do humor.

Aquí bota andar o noso peculiar *who ist who* do BNG?

### **A UPG**

Ideoloxía base: a postmodernidade esnaquizou as ideoloxías pilares: o comunismo real e o nacionalismo de confrontación. A misión dos antigos crentes é salvar todo o que se poida do naufraxio. Neste naufraxio non hai ningún tipo de responsabilidade nos militantes das devanditas ideoloxías senón que foi e é a estratexia maligna do capital a que torpedeu o noso próspero barco. O maio do 68 e todos os movementos posteriores non son de esquerdas.

Ideoloxía de país: defensa dos sectores produtivos tradicionais aínda que sexa defendendo posturas empresariais, digamos, pouco de esquerdas (neste sentido é o único partido que antepón os intereses nacionais ao socialismo ou outras ideoloxías sociais, contrariamente ao que pensa a xente de fóra do BNG). En oposición co anterior está a defensa dos traballadores dos sectores empresariais en crise desde os 80: naval, grandes empresas, etc. Por veces a defensa destes sectores lévaos a entrar en conflito con posturas da esquerda contemporánea coma o ecoloxismo pero, na liña dun marxismo ortodoxo, a defensa do proletariado rixe o seu comportamento por riba doutros criterios.

Forza: basicamente en todo o país pero se eu tivese que facer unhas listas no rural e nos concellos pequenos encomendaríame a eles. O seu órgano de maior forza é o Sindicato e nel é onde se sinten especialmente realizados. Con todo a súa principal arma é ser un partido coesionado, formado e militante...sen excentricidades.

Cultura: Defensa da cultura galega a ultranza pero maiormente se é popular, comprensible e social. Neste senso son capaces de defender cousas xa moi poucos defendibles pola súa pobreza estética. As artes están ao servizo de espertar conciencias e denunciar as inxustizas. Cuns grolos de licor café e cantando a Suso Vaamonde poden mesmo caer algunhas bágoas. Esta visión popular é aplicada tamén á universidade e a todo tipo de estudos teóricos co que nunca atoparemos nin abstraccións, nin especulacións, nin disfrute do goce estético en si mesmo. Non é de estrañar que moitos ensaios dos seus militantes sexan dunha pobreza intelectual pavorosa e que as mentes máis lucidas no plano teórico rematasen por marchar.

Lingua: monolingüismo galego por imposición institucional.

Estratexia: Acadado o poder, apretar!!!!

O fin xustifica os medios!!!!!!

Os votos polos votos sen nada detrás, non interesan!!!!!!

Eu estou de acordo con estas tres cousas finais e non as digo en ton de ataque.

### **MÁIS GALIZA**

Máis Galiza é un partido coxuntural que nace por oposición á UPG a nivel interno e como defensa do labor do bipartito e do papel de Quintana.

Ideoloxía xeral: son do que se chama esquerda reformadora moderna pero en realidade isto non é unha escolla concienciada senón un lugar que hai que buscar para colocarse como alternativa á UPG. Sintetizando: calquera persoa coa ideoloxía da UPG podería entrar en máis Galiza se estivese, por problemas organizativos ou persoais, enfrontado á U.

Ideoloxía de país: defensa dos intereses galegos en todos os sectores pero recoñecendo que hai sectores que son insalvables: Conciencia de que os problemas actuais do país non son os dos anos 60 e de que as estratexias deben mudar. Resulta éstrano que tendo isto claro non teñan elaborado un proxecto teórico que apoie as súas políticas o que fala de enfrontamento, por veces sen mais, coa UPG.

Forza: clases medias cultas, profesores, funcionariado...tamén moita xente que se deixa seducir por discursos do tipo “democracia interna”, “diálogo”...ou que simplemente tivo moi mala experiencia persoal nas súas asembleas locais con xente da UPG. Son capaces de entender intelectualmente os problemas do país e darse conta de que se deben solucionar con políticas e estratexias moito máis alá da “conciencia proletaria” e “o poder popular”.

Cultura: xente culta que disfruta da cultura en xeral e que é capaz de ver que hai cousas moi pouco defendibles só polo feito de ser galegas. Conexión da cultura galega coa europea e mundial. Moi na liña da Xeración Nós.

Lingua: monolingüismo e bilingüismo restitutivo (eles negarano pero eu seino) na liña do que propugna Monteagudo.

Estratexia: O nacionalismo e a lingua triunfaran por convencemento, búsqueda de afinidades e moderación (aparente, por veces) do discurso. Diálogo con todos e maiormente cos movementos sociais da nova esquerda e co PSOE. Hai unha certa crenza, que a historia da política galega se encarga de desmentir, de que o PSDG se pode galeguizar. Por riba de políticas, xestión eficaz por parte de xente con ideoloxía pero ben formada (se hai que renunciar a algo mellor á ideoloxía; aspecto este no que a U pensaría ao revés). As persoas que presentan os proxectos son importantes ao igual que o deseño das campañas electorais e da posta en acción.

Controlados pola U ou compartindo o poder eu marcharía con estes.

### **ENCONTRO IRMANDIÑO.**

Existen porque houbo un home que se chamou Xosé M. Beiras Torrado e, bo ou malo, é historia viva da nosa nación.

Ideoloxía xeral: refundación permanente dos presupostos ideolóxicos para situarse sempre alí onde non hai ninguén: marxismo-leninismo, maio do 68, deconstrucción, foro de Seattle, Foro de Portoalegre, 15-M... Nun país normal estaría ben ter un partido así para manter sempre unha esquerda crítica de vangarda, mais co peso que acumulou o BNG (practicamente único partido nacionalista en Galiza e onde hai xente de todo tipo) isto é un delirio.

Ideoloxía de país: a mesma que a anterior. feminismo a ultranza, ecoloxismo, agricultura ecolóxica, deconstrucción...todo aquilo que triunfará dentro de cincuenta anos cando eles xa estean noutro sitio. Asemblearismo. É unha estratexia baseada en manter unha certa pureza persoal e ideolóxica e que non ten como fin a vitoria das teses nacionalistas.

Forza: sectores urbanos radicalizados, cultos e universalistas. Snobismo e ansia de coñecemento por todo o que de novo apareza no discurso de esquerdas. A figura de Beiras é o seu principal activo e rematará por rematar nun Cid que virá ás asembleas momificado. A panda de imitadores con gorro, boina, etc.roza o patetismo.

Cultura: xente culta. Arte ao servizo dunha denuncia que só poden entender as clases cultas...novas estratexias comunicativas: vangarda, Internet, Performance...O Maio do 68 redivivo.

Lingua: no nacionalismo leva anos ( por fortuna ) sen cuestionarse o tema da lingua. Non se pode dicir que Encontro Irmandiño estea noutra liña pero hai algo de perigoso en palabras como “preservar”. Non me gustaría que o galego rematase en algo étnico coma unha lingua indíxena ou en algo que non merece a pena por que o importante é solidarizarnos como cidadáns. Algún día podería esperarse algunha teoría destas...

Estratexia: manter unha especie de pureza ideolóxica, minar a UPG e, aínda sen darse conta, personalismo exacerbado dos militantes na figura de Beiras e desconexión social sen parangón entre as outras dúas grandes liñas.

### **MOVEMENTO GALEGO AO SOCIALISMO**

Son os intelixentes politicamente sen ningunha dúbida, pois existen sen necesidade dun discurso diferente ao das outras liñas e ademais teñen o voto de calidade.

Ideoloxía xeral: Calquera das outras pero mantendo o discurso da pureza. Os outros non cumpren cos seus presuposto ideolóxicos pero nós si.

Ideoloxía de país: a mesma dos outros pero facendo fincapé nun socialismo tradicionalista-renovado que aspira a ser real polo compromiso e a coerenza individual de cada un dos seus militantes.

Forza: a estratéxica dentro do partido e dúas cousas que non deberían pasar desapercibidas: a pureza e, por riba de todo, ser un proxecto novo con xente nova. Non entendo como os independentes que piden renovación non votaron masivamente por esta opción a non ser que se chame renovación a que saian os mesmos. Tamén teñen un talante dialogante e unha postura branda de cara fóra encarnada na figura de Rafa Villar, a quinta esencia do pensamento feble.

Cultura: podería valer unha mestura do visto para Encontro Irmandiño e para +Galiza pero aínda máis pop.

Lingua: Ídem

Estratexia: a renovación de feito.

### **ESTAMOS TODOS/AS?**

Faltan os independentes que o son por non militar e por certa ansia de individualismo, fóra de ataduras ideolóxicas. Tamén os hai que pensan ou pensamos que así lle facemos un favor ao partido. En realidade só aportamos militancia e non debate ideolóxico. Case todos estamos máis perto dunha ou doutra liña.

### **É UNHA REPRESENTACIÓN SUFICIENTE E PLURAL?**

Pois poderíamos facer moitas matizacións pero así, a simple vista, hai varios grandes problemas relacionados con iso:

Para representar as opcións de esquerda sobran grupos e de feito hai varios que pelexan polo mesmo espazo: aquel que vai do perroflautismo ao PSOE e que non é tradicionalmente nacionalista.

Desde a óptica nacionalista un partido das dimensións do BNG debería comezar a preguntarse senón terá un grupo importante de persoas no seu interior que son dunha dereita moderada e que están en exclusiva pola cuestión nacional. Hai casos maioritariamente na U e en + Galiza de xente que di que é de esquerdas e a impresión que dá é a de ter a síndrome de Estocolmo.

Por outro lado a asemblea traduce un debate que podería darse na Esquerda Unida de Andalucía. Sobra debate social e falta debate nacional.

Un partido no que hai grupos situados na extrema esquerda e falan diso en público, debería acoller no seu seo tamén a independentistas co mesmo grao de radicalidade e

intentar traelos á súa esfera. Quero dicir que se se modera a ideoloxía haberá que moderala en todo e se se radicaliza o mesmo.

Hai moitas opcións pero hai pouco ensaio neste país. Vese un debate moi frouxo con pouca teorización e sobretudo con poucas estratexias a 25 anos claras e definidas. Hai pobreza intelectual e sobran consignas. Non sei onde están os economistas, xuristas e outros teóricos que sosteñan toda esta batafoula de ideoloxías.

Moita xente está contenta así e volta a esquivarse o debate de facer do BNG un partido. Hai xente que nin fomos, nin somos, nin seremos assemblearios. Algún día se nos escoitará.

### **E O FUTURO?**

Pois o futuro non é negativo aínda que a opción que non gañou poida pensar o contrario. Tanto cun partido coma con dous o nacionalismo neste país existe.

Desde a miña óptica non hai enfrontamento de ideas entre +Galiza e a UPG en profundidade e si unha especie de sospeitas e reproches que se alongan no tempo. Ese é o BNG, o outro case podía marchar e facernos un favor a todos...mesmo Beiras pode atopar a súa vocación serodia na CNT ou nalgunha comuna de Sudamérica coma aquel bispo de Mondoñedo tan dereitoso e centralista (Gea Escolano creo que se chamaba).

Falando disto o Rafa Villar é un crack matando país. Eu aínda recordo cando lle dixon na Asociación de Escritores a Uxío Novoneyra “ao pai hai que matalo e botarlle cal”...co Beiras fixo outro tanto...aínda me a caer ben esta xente do Batallón Literario.

Apertas.

Que queiran que non Galiza é unha nación!!!!!!